

ROTEIROS MEDIOAMBIENTAIS GUIADOS: *coñece o teu Concello e arredores.*

Nº _____ (en reserva si non)

NOME E APELIDOS:			
DNI:	DATA DE NACEMENTO:	IDADE	
ENDEREZO:		CP	TELÉFONO:
Acompañantes (menores) <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> (cubrir os seus datos no apartado de autorización)		NON <input type="checkbox"/>	
Estás empadroadado/a neste Concello?		Si <input type="checkbox"/>	non <input type="checkbox"/>
Roteiros : <input type="checkbox"/> DOMINGO 28 DE MAIO- "os recunchos de Aranza" <input type="checkbox"/> DOMINGO 18 DE XUÑO –"Polas sendas da pesca"			
Se padeces ou padecesdes algunha enfermidade, alerxia ou intolerancia, que consideres debemos ter en conta, especifica cal _____ _____			
DECLARACIÓN:			
Eu _____ con nº _____ DNI _____			
DECLARO que fun informado das condicións da actividade e que libremente participo nesta actividade de SENDERISMO organizada pola Concellería de Educación coñecendo as condicións previas da actividade.			
<input type="checkbox"/> Que ME ACOMPAÑAN ao meu cargo os seguintes menores sendo responsable destas persoas durante toda a actividade: <input type="checkbox"/> Que AUTORIZO ÓS/ÁS SEGUINTE MENORES DE 18 ANOS a participar nesta actividade:			
1.	Nome e apelidos _____	Idade _____	Parentesco _____
2.	Nome e apelidos _____	Idade _____	Parentesco _____
3.	Nome e apelidos _____	Idade _____	Parentesco _____
4.	Nome e apelidos _____	Idade _____	Parentesco _____
E, Si <input type="checkbox"/> non <input type="checkbox"/> autorizo ao Concello de Soutomaior a usar as fotos e imaxes realizadas durante esta actividade para os actos de carácter exclusivamente institucional. Asdo.: _____ (nome e apelido, con sinatura)			
Soutomaior, _____ de _____ de 2017			

COPIA PARA O/A INTERESADO/A



DATA

Nº

(en reserva si non)

SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA**INFORMACIÓN XERAL:**

Breve descripción: ver parte de atrás da ficha

Destinatarios: público xeral Duración: 3 h/roteiro Hora: 10:30 - 13:30

 DOMINGO 28 DE MAIO- "os recunchos de Aranza" DOMINGO 18 DE XUÑO -"Polas sendas da pesca"

As prazas cubíranse por orde de inscrición. A actividade realizarase si hai un mínimo de persoas inscritas. Número de prazas 20. Teñen preferencia as persoas empadroadas no Concello.

A CONCELLERÍA DE EDUCACION
Selo**INFORMACIÓN XERAL****Roteiros medioambientais GUIADOS: coñece o teu Concello e arredores.**
Concellería de Educación (Soutomaior)

Obxectivos: coñecer os valores medioambientais do noso Concello da man dunha guía. Promover o senderismo como medio para estar en forma e aprender un pouco máis sobre a natureza e patrimonio que nos rodea. Educar en valores de respecto e coidado á natureza.

O calendario de roteiros é o seguinte:

28 de MAIO: Roteiro: "Os recunchos de Aranza"

Breve descripción: vai percorrer as diferentes paisaxes de Aranza. Partiremos da zona máis baixa, a carón do río Oitavén e subiremos ata case 300m. É unha subida esixente, pero que se fai máis levadeira ao observar a beleza que nos rodea. Visitaremos os socalcos e algunha zona de monte alto, teremos vistas aos canóns do Oitaven, camiñaremos entre muros antigos e poderemos remollar os pés nas pozas de Aranza, para regresar polas intrincadas rúas da zona.

Características: 9,3 kms. Circular. Dificultade media-alta; desnivel alto. Terreo irregular que pasa por variedade de camiños, estreitos, empedrados con auga... Aconséllase calzado de camiñar e resistente á auga.

Tempo estimado: 3 horas e media ou 4, dependendo do grupo. Ferramentas: Mapa e brúxula. Hora: 10:30 - 13:30. Inicio: Ponte Aranza. Na zona de aparcamento que hai nas proximidades da ponte. Coordenadas: 42,340934,-8.544086

18 DE XUÑO: Roteiro: "Polas sendas da pesca"

Breve descripción: A ruta comeza na casa dos/as Pescadores/as que hai en Sobral e discorre todo o tempo a por ambas marxes do río Oitavén. No noso camiño teremos ocasión de aprender algo máis sobre a dinámica do río, as súas árbores e con algo de sorte, ver algúns dos animais que teñen aquí o seu fogar. Tamén poderemos visitar un par de muíños agochados entre a vexetación. E se o tempo acompaña, ao finalizar, poderemos gozar dun baño nas augas claras e frescas do río.

Características: 4,8 kms. Dificultade media; desnivel suave. Circular. Terreo irregular. Nalgún momento hai que esquivar algunha ramallada ou dar un pequeno salto para pasar algún pequeno obstáculo. Algún tramo pequeno de asfalto. Aconséllase calzado de camiñar e resistente á auga e roupa de baño.

Ferramentas: mapa. Hora: 10:30 - 13:30 Inicio: Casa de pescadores, en Sobral.
Coordenadas: -8,5575, 42,3402

Inscricións previa nos roteiros: ata 5 días antes de cada roteiro na OMIX - Multiusos (Arcade) ou ata cubrir prazas. Máis información no teléfono 986 700 822

IMPORTANTE: Recordamos que os/as guías son titulados/as e a actividade realizarase baixo unha póliza de R. Civil e accidentes derivados da organización do evento pero non dos accidentes provocados por outros motivos. Si se produce algún cambio na organización comunicáremolo o antes posible a cada participante.

Material necesario:

- Calzado de monte/montaña. Moi recomendable con protección á auga.
- Roupa axeitada ao día. Si fai bo tempo roupa de baño porque haberá pozas nas que refrescarse cando paremos a descansar.
- Unha pequena mochila con auga (1/2 l) + Froita (ou bocadillo)